



## INFORME Á PROPOSTA DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

### ANTECEDENTES

#### PRIMEIRO.- O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

O Consello da Xunta de Galicia o 15.06.2006 **aprobou a creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar** (en diante CGSIB), para a colaboración na xestión dos servizos sociais no ámbito territorial dos entes locais da comunidade autónoma e autorizar a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os concellos de Portas, Taboadela, Vilamarín, Boimorto, Carnota, As Neves, Outes, Xove, Cerdedo, Allariz, A Illa de Arousa, Laza, Ribadeo e Carballada de Avia, para a constitución do dito Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, figurando como anexo ao dito convenio os seus estatutos (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006)

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo, con personalidade xurídica propia e diferenciada da dos entes consorciados, do que forman parte a administración da Comunidade Autónoma de Galicia, e os concellos galegos que concorreron inicialmente á súa formación, subscribindo o convenio de 6 de xullo de 2006 (en cuxo marco foi creado o Consorcio), así como todos aqueles incorporados con posterioridade a través dos correspondentes convenios. Na actualidade forman parte do Consorcio 286 concellos e 5 mancomunidades.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo o previsto no seu artigo 3º do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os concellos galegos que se relacionan para a constitución do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ten carácter voluntario, constitúese por tempo indefinido e réxese polos seus estatutos, polo seu regulamento de réxime interno e polas disposicións legais que, para o efecto se enumeran no artigo primeiro dos estatutos (nomeadamente: Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e





a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), e demais disposicións que, pola natureza do ente consorcial resulten de aplicación.

De acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria "cando así o solicite o concello interesado"), con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións no ámbito territorial dos municipios que o compoñen.

O CGSIB naceu así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

1. Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;
2. Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;
3. Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece nos seus artigos 64 e 64 bis que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a





coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

O Consorcio estará representado e administrado polos seguintes órganos:

- Asemblea xeral/pleno.
- Comité directivo.
- Xerente.
- Presidente.
- Vicepresidente.

## SEGUNDO. O REXISTRO ÚNICO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, é unha entidade prestadora de servizos sociais inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) co número 2088, no que ten inscrito os diversos centros, de **xestión propia e externa, en distintas áreas de maiores e infancia.**

## TERCEIRO. INTEGRACIÓN COMO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA DO PERSOAL LABORAL FIXO DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

O 8 de maio de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde do 26 de abril de 2023 pola que se regula **o procedemento de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo** procedente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

Ao abeiro do disposto no artigo 5.2 da Orde do 26 de abril de 2023, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Igualdade remitiu á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal o informe-proposta de integración como persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que exerceu a opción de integración.





Por Orde do 1 de outubro de 2024 **resolveuse o procedemento de integración como** persoal laboral da Xunta de Galicia do persoal laboral fixo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG Núm. 198 do 14 de outubro)

#### CUARTO. NORMATIVA DE CENTROS

- **Cuarto.1 Centros de atención a persoas maiores**

Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

Orde do 4 de decembro de 2024 pola que se modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

- **Cuarto.2 Centros de atención atención á infancia. Escolas infantís**

Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia

De conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (DOG núm. 101, do 27 de maio), esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte, **Informe**

#### PRIMEIRO. OBXECTO DE INFORME

O obxecto do presente informe é, unha vez negociada coas organización sindicais correspondentes o 13.12.2024, a primeira relación de postos de traballo (RPT) de centros de **titularidade e/ou xestión propia** do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar cun total de **1804 postos** coa clasificación correspondente que poden corresponderse con:

- Postos non vacantes do persoal laboral fixo integrado como persoal laboral da Xunta de Galicia





- Postos vacantes con/sen ocupación por persoal laboral temporal e/ou indefinido non fixo que continuarán desempeñando as súas funcións ata que os postos se cubran regulamentariamente e/ou ata que se leve a cabo, de ser o caso, o establecido na disposición transitoria primeira bis da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. (\*)
- 1 posto que **xa é de persoal funcionario**
- 18 postos de Directores/as e Coordinadores/as **de nova creación**

(\*) Inclúe un posto de condutor que, segundo indica o consorcio, está prevista a súa amortización cando se produza a xubilación da persoa que o está a ocupar

O detalle coa clasificación completa dos postos que comprente esta RPT figura recollida no anexo a este informe.

**Cadro resumo:**

SUBGRUPO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBTOTAL EFECTIVOS	TOTAL EFECTIVOS
A1	INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA	21	27	67
	PEDAGOGO/A	21	1	
	POSTO BASE SUBGRUPO A1	20	11	
	PSICÓLOGO/A	21	2	
	TÉCNICO/A SUPERIOR COORDINA. PLAN INCLUSIÓN SOCIAL	24	4	
	TÉCNICO/A SUPERIOR DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL	21	22	
A1-A2	COORDINADOR/A CENTROS ATENCIÓN PERSOAS MAIORES I	22	1	5
	COORDINADOR/A CENTROS ATENCIÓN PERSOAS MAIORES II	22	1	
	COORDINADOR/A CENTROS ATENCIÓN PERSOAS MAIORES III	22	1	
	COORDINADOR/A CENTROS ATENCIÓN PERSOAS MAIORES IV	22	1	
	DIRECTOR/A	25	1	
A1-A2-C1	DIRECTOR/A	25	5	13
	XEFATURA SECCIÓN DE CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	25	1	
	XEFATURA SECCIÓN ESCOLAS INFANTÍS	25	1	
	XEFATURA SECCIÓN HABILITACIÓN E PERSOAL	25	1	
	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN ADMTVA. ESCOLAS INFANTÍS	25	1	
	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN ATENCIÓN XERONTOLÓXICA I	25	1	
	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN ATENCIÓN XERONTOLÓXICA II	25	1	
	XEFATURA SECCIÓN XESTIÓN ECONÓMICA	25	1	
	XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA	25	1	





SUBGRUPO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBTOTAL EFECTIVOS	TOTAL EFECTIVOS
A2	ANALISTA-PROGRAMADOR/A	22	1	423
	COORDINADOR/A ESCOLAS INFANTÍS I	22	1	
	COORDINADOR/A ESCOLAS INFANTÍS II	22	1	
	COORDINADOR/A ESCOLAS INFANTÍS III	22	1	
	COORDINADOR/A ESCOLAS INFANTÍS IV	22	1	
	COORDINADOR/A ESCOLAS INFANTÍS V	22	1	
	COORDINADOR/A ESCOLAS INFANTÍS VI	22	1	
	COORDINADOR/A ESCOLAS INFANTÍS VII	22	1	
	COORDINADOR/A ESCOLAS INFANTÍS VIII	22	1	
	EDUCADOR/A INFANTIL	17	300	
	EDUCADOR/A SOCIAL	17	5	
	ENFERMEIRO/A	17	10	
	FISIOTERAPEUTA	17	10	
	INTERVENCIÓN SOCIAL	17	21	
	INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA	17	17	
	TÉCNICO/A MEDIO/A	17	12	
	TÉCNICO/A MEDIO/A COORDINA. PLAN INCLUSIÓN SOCIAL	22	2	
	TÉCNICO/A MEDIO/A DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL	17	17	
	TERAPEUTA OCUPACIONAL	17	12	
TRABALLADOR/A SOCIAL	17	8		
A2-C1-C2	XEFATURA NEGOCIADO	18	1 (**)	1
C1	AXENTE EN EDUCACIÓN INFANTIL	16	785	790
	OPERADOR/A DE ORDENADOR	18	1	
	POSTO BASE SUBGRUPO C1	14	4	
C1-C2	XEFATURA GRUPO	14	6	6
C2	CONDUTOR/A	18	1 (*)	499
	PERSOAL SERVIZOS XERAIS	12	238	
	POSTO BASE SUBGRUPO C2	12	24	
	XEROCULTOR/A	12	236	
TOTAL .....			1.804	

(\*) Posto que, segundo indica o consorcio, está prevista a súa amortización cando se produza a xubilación da persoa que o está a ocupar

(\*\*) Posto que xa era de persoal funcionario





- **Outros 18 postos** de nova creación que tamén forma parte desta RPT:

Nº	CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBG. (NIVEL)	FORMA DE PROVISIÓN	TIPO ADMÓN	OBSER.
1.	CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (VIGO)	DIRECTOR/A	A1-A2 25	LIBRE DESIGNACIÓN	XERAL/ESPECIAL (AXG)	640
2.	CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE ORTIGUEIRA: MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA	DIRECTOR/A	A1-A2-C1 25	LIBRE DESIGNACIÓN	XERAL/ESPECIAL (AXG)	640
3.	CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE MELIDE: MINIRESIDENCIA, CENTRO DE DÍA E VIVENDAS COMUNITARIAS I-II	DIRECTOR/A	A1-A2-C1 25	LIBRE DESIGNACIÓN	XERAL/ESPECIAL (AXG)	640
4.	CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CERCEDA: FOGAR RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA	DIRECTOR/A	A1-A2-C1 25	LIBRE DESIGNACIÓN	XERAL/ESPECIAL (AXG)	640
5.	CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CERDEDO: FOGAR RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA	DIRECTOR/A	A1-A2-C1 25	LIBRE DESIGNACIÓN	XERAL/ESPECIAL (AXG)	640
6.	CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TABOADELA: FOGAR RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA	DIRECTOR/A	A1-A2-C1 25	LIBRE DESIGNACIÓN	XERAL/ESPECIAL (AXG)	640
7.	ÁREA DE BENESTAR	COORDINADOR/A DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES I	A1-A2	CONCURSO	ESS2: PSICOLOXIA EMS5: TRABALLO SOCIAL	
8.	ÁREA DE BENESTAR	COORDINADOR/A DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES II	A1-A2	CONCURSO	ESS2: PSICOLOXIA EMS5: TRABALLO SOCIAL	
9.	ÁREA DE BENESTAR	COORDINADOR/A DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES III	A1-A2	CONCURSO	ESS2: PSICOLOXIA EMS5: TRABALLO SOCIAL	
10.	ÁREA DE BENESTAR	COORDINADOR/A DE CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES IV	A1-A2	CONCURSO	ESS2: PSICOLOXIA EMS5: TRABALLO SOCIAL	
11.	ÁREA DE ESCOLAS INFANTÍS	COORDINADOR/A DE ESCOLAS INFANTÍS I	A2 22	CONCURSO	EMS8: EDUCACIÓN INFANTIL	
12.	ÁREA DE ESCOLAS INFANTÍS	COORDINADOR/A DE ESCOLAS INFANTÍS I	A2 22	CONCURSO	EMS8: EDUCACIÓN INFANTIL	
13.	ÁREA DE ESCOLAS INFANTÍS	COORDINADOR/A DE ESCOLAS INFANTÍS I	A2 22	CONCURSO	EMS8: EDUCACIÓN INFANTIL	
14.	ÁREA DE ESCOLAS INFANTÍS	COORDINADOR/A DE ESCOLAS INFANTÍS I	A2 22	CONCURSO	EMS8: EDUCACIÓN INFANTIL	





Nº	CENTRO DE DESTINO	POSTO	SUBG. (NIVEL)	FORMA DE PROVISIÓN	TIPO ADMÓN	OBSER.
15.	ÁREA DE ESCOLAS INFANTÍS	COORDINADOR/A DE ESCOLAS INFANTÍS I	A2 22	CONCURSO	EMS8: EDUCACIÓN INFANTIL	
16.	ÁREA DE ESCOLAS INFANTÍS	COORDINADOR/A DE ESCOLAS INFANTÍS I	A2 22	CONCURSO	EMS8: EDUCACIÓN INFANTIL	
17.	ÁREA DE ESCOLAS INFANTÍS	COORDINADOR/A DE ESCOLAS INFANTÍS I	A2 22	CONCURSO	EMS8: EDUCACIÓN INFANTIL	
18.	ÁREA DE ESCOLAS INFANTÍS	COORDINADOR/A DE ESCOLAS INFANTÍS I	A2 22	CONCURSO	EMS8: EDUCACIÓN INFANTIL	

- A creación dos 5 postos de **Director/a dos Centros de atención ás persoas maiores** deriva da obriga de contar estes centros cun responsable, segundo a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, regula as **condicións e requisitos específicos** que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.
- A creación do posto de **Director/a do Centro de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero, deriva da necesidade de contar con este posto dada as especiais características deste equipamento.**

O Centro de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero, **é un Centro da Rede Galega de Acollemento nos termos previstos na Lei 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e o tratamento da violencia de xénero** que ten como finalidade proporcionar aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e as persoas delas dependentes, que se atopen inmersas nunha situación de malos tratos e garantirlles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis idóneo.

En condicións especiais de acceso pode acoller a mulleres:

- Con problemas de drogadicción e/ou alcoholismo. Logo da correspondente valoración, si están nun programa de deshabitación con seguimento terapéutico ou médico, debidamente acreditado por un informe do seu médico ou terapeuta. En ningún caso se permitirá a estancia no centro si existe un consumo activo de substancias e/ou alcohol.







- Con trastornos mentais graves. Acreditando a través de informe psiquiátrico, que conservan unha capacidade funcional axeitada para a súa integración no centro. Non se permitirá o ingreso no caso de trastornos mentais graves en fase aguda, sintomatoloxía activa ou descompensada.
- No caso de mulleres que padezan unha enfermidade infecto-contaxiosa, poderán ingresar sempre que acompañen informe médico no que se valoren os riscos que poidan existir para as outras persoas coas que conviva, así como a viabilidade das medidas e coidados que sexan necesarios poñer en práctica.
- No caso de mulleres que exerzan a prostitución será necesario que manifesten o compromiso de abandonar o exercicio activo da mesma durante a estancia no centro.
- A creación dos postos de **coordinadores/as de centros de atención a persoas maiores e de escolas infantís**, xurde da necesidade de dar resposta á coordinación e seguimento das actividades dos servizos en cada unha das súas áreas. Cómpre destacar que o consorcio non conta con departamentos territoriais nin ningunha outra figura que exerza estas competencias polo que resulta **determinante a súa creación** para garantir unha eficaz e eficiencia prestación do servizo.

Para a determinación dos postos tivéronse en conta **equivalencias o Decreto 165/2019, do 26 de decembro**, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia e as obrigas derivadas do **Decreto 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria** de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

A clasificación completa dos postos figuran no anexo a este informe.





## SEGUNDO. OS “CENTROS DE ATENCIÓN DE PERSOAS MAIORES”

Cabe facer especial mención aos Centros de Atención a Persoas Maiores das tipoloxías de **Vivenda Comunitaria, Miniresidencia, Fogar Residencial e Centro de Día** que o CGSIB, baixo a tipoloxía xenérica de *Centros de Atención a Persoas Maiores*, ten en diversas localidades da nosa comunidade autónoma.

Trátase de determinados equipamentos que a pesares das súas diferenzas funcionais, requisitos e autorizacións administrativas, atópanse polo xeral nun mesmo inmovible ou moi preto un doutro, chegando incluso a **compartir parte das instalacións e persoal**.

A pesar de seren centros de tipoloxía distinta, a entidade fai uso desta denominación conxunta, segundo indican, dada a proximidade dos mesmos e como figura con maior potencial de convivencia e socializador das persoas maiores que si, pola contra, funcionalmente prestasen servizos de xeito independente.

Non obstante debemos ter en conta que os tres equipamentos contan coas correspondentes autorizacións administrativas e requisitos segundo a tipoloxía de centro polo que non podemos obviar que estamos a falar de centros de destino distintos aínda que na práctica diaria **comparten instalación e/ou persoal**.

Dito o anterior esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, ten en conta esta peculiaridade funcional destes determinados centros e entende o carácter excepcional da figura de Centros de Atención a Persoas Maiores, polo que cómpre engadir no apartado observación “**en alternancia con (...)**” e/ou “**compartido con Fogar Residencial, Centro de día, Vivenda Comunitaria**” segundo corresponda.

Esta característica de persoal compartido entre os centros, **en ningún caso afectará á ráte de persoal, servizos a prestar e capacidade máxima dos centros** conforme a normativa de aplicación e a autorización administrativa correspondente ao permiso de inicio de actividades.





Os centros que baixo a denominación de “Centros de Atención a Persoas Maiores” que o CGSIB, ten en diversas localidades da nosa comunidade autónoma son os seguintes:

LOCALIDADE-PROVINCIA	TIPO DE EQUIPAMENTO	NOME DO CENTRO	RUEPSS	PAZAS
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE BOIRO (A CORUÑA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE BOIRO	82	40
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CABANA DE BERGANTIÑOS ( A CORUÑA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DÍA DE CABANA DE BERGANTIÑOS	92	34
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CERCEDA (A CORUÑA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA PARA PERSOAS MAIORES DE CERCEDA	204	40
FR	FOGAR RESIDENCIAL	FOGAR RESIDENCIAL DE CERCEDA	203	22
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE DODRO ( A CORUÑA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE DODRO	93	45
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE MELIDE (A CORUÑA)</b>				
MR-CD--VC	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE MELIDE	108	39
	MINIRESIDENCIA	RESIDENCIA DE MELIDE	112	52
	VC I	VIVENDA COMUNITARIA DE MELIDE I	110	12
	VC II	VIVENDA COMUNITARIA DE MELIDE II	111	12
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE MUROS (A CORUÑA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DÍA PARA PERSOAS MAIORES DE MUROS	182	45
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE ORTIGUEIRA (A CORUÑA)</b>				
MR-CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DÍA PARA PERSOAS MAIORES DE ORTIGUEIRA	206	10
	MINIRESIDENCIA	RESIDENCIA DE ORTIGUEIRA	86	50
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE OUTES (A CORUÑA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DÍA PARA PERSOAS MAIORES DE OUTES	79	30
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE SADA (A CORUÑA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DÍA PARA PERSOAS MAIORES DE SADA	201	40
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE VILASANTAR (A CORUÑA)</b>				
VC	VIVENDA COMUNITARIA	VIVENDA COMUNITARIA DE VILASANTAR	91	12





LOCALIDADE-PROVINCIA	TIPO DE EQUIPAMENTO	NOME DO CENTRO	RUEPSS	PAZAS
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE ABADÍN (LUGO)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DÍA DE ABADIN	96	40
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CORGO (LUGO)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DO CORGO	104	35
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CHANTADA (LUGO)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DÍA PARA PERSOAS MAIORES EN CHANTADA	218	49
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE MONFORTE DE LEMOS (LUGO)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE MONFORTE DE LEMOS	81	20
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE PANTÓN (LUGO)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DÍA DE PANTÓN	109	40
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE POBRA DE BROLLÓN (LUGO)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DÍA DE POBRA DE BROLLÓN	105	40
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE PONTENOVA (LUGO)</b>				
	VIVENDA COMUNITARIA	VIVENDA COMUNITARIA DA PONTENOVA I	100	12
	VIVENDA COMUNITARIA	VIVENDA COMUNITARIA DA PONTENOVA II	101	12
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE RIBADEO (LUGO)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DÍA A CONCORDIA DE RIBADEO	85	40
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE RIÓRTORTO (LUGO)</b>				
VC	VIVENDA COMUNITARIA	VIVIENDA COMUNITARIA DE RIÓRTORTO	102	10
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE COLES (OURENSE)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE COLES	78	20
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE OÍMBRA (OURENSE)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE OÍMBRA	99	21
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TABOADELA (OURENSE)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE TABOADELA	83	20
FR	FOGAR RESIDENCIAL	FOGAR RESIDENCIAL DE TABOADELA	84	22
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TOÉN (OURENSE)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE TOÉN	95	30
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE VILAR DE SANTOS (OURENSE)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE VILAR DE SANTOS	106	20
VC	VIVENDA COMUNITARIA	VIVENDA COMUNITARIA DE VILAR DE SANTOS	107	6





LOCALIDADE-PROVINCIA	TIPO DE EQUIPAMENTO	NOME DO CENTRO	RUEPSS	PRAZAS
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CERDEDO-COTOBADA (PONTEVEDRA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE CERDEDO	74	30
FR	FOGAR RESIDENCIAL	FOGAR RESIDENCIAL DE CERDEDO	97	18
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE AS NEVES (PONTEVEDRA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA PARA PERSOAS MAIORES DE AS NEVES	87	25
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE PORTAS (PONTEVEDRA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE PORTAS	75	40
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE PONTEAREAS (PONTEVEDRA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTOR DE DIA DE PONTEAREAS	113	20
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE VALGA (PONTEVEDRA)</b>				
CD	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DIA DE VALGA	73	30
<b>CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES "ATALAIA" DE VIGO (PONTEVEDRA)</b>				
	CENTRO DE DÍA	CENTRO DE DÍA DE TEIS	76	25

### TERCEIRO. ÁMBITOS DOS POSTOS DAS OFICINAS DE INCLUSIÓN

Descrición dos ámbitos dos postos das Oficinas de inclusión

CENTRO DE DESTINO	ÁMBITOS	ÁMBITOS (DESCRICIÓN)
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE AMES	ÁMBITO 7	Ames, Brión, Teo, Boqueixon, Vedra, Val do Dubra, A Baña, Negreira, Santa Comba, Rois, Dodro, Padrón
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE ARZÚA	ÁMBITO 13	Cerceda, Frades, Mesía, Tordoia, Ordes, Trazo, Oroso, Vilasantar, Toques, Sobrado, Melide, Santiso, Arzúa, O Pino, Touro, Boimorto
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE AS PONTES	ÁMBITO 18	Ortigueira, Cariño, Mañón, Cedeira, Cerdido, As Pontes, As Somozas, San Sadurniño, Valdoviño, Moeche, A Capela, Narón, Neda, Fene, Mugar dos, Ares, Cabanas, Pontedeume, Monfero, Miño, Vilarmajor





CENTRO DE DESTINO	ÁMBITOS	ÁMBITOS (DESCRICIÓN)
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE BEGONTE	ÁMBITO 23	Vilalba, Xermade, Abadín, Muras, A Pastoriza, Rábade, Begonte, Guitiriz, Outeiro de Rei, Cospeito, Pol, Castro de Rei, Antas de Ulla, Monterroso, Palas de Rei, Friol
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE CARBALLO	ÁMBITO 11	Carballo, Coristanco, Ponteceso, Laracha, Malpica, Zas, Camariñas, Laxe, Cabana de Bergantiños, Vimianzo, Fisterra, Dumbria, Corcubión, Muxía, Cee
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE TEIXEIRO	ÁMBITO 12	Centros Penitenciarios de Teixeira e A Lama
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DO CORGO	ÁMBITO 9	Becerreá, Navia Suarna, Pedrafita, Cervantes, As Nogais, Ribeiras de Piquín, Meira, Castrovverde, O Corgo, Baralla, Portomarín, Guntín, O Páramo, Lán cara, Triacastela
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE MONDOÑEDO	ÁMBITO 24	Viveiro, Xove, O Vicedo, Oroul, Cervo, Foz, Alfoz, O Valadouro, Mondoñedo, Burela, Lourenzá, Ribadeo, Barreiros, Trabada, Riotorto, A Pontenova
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE MONFORTE DE LEMOS	ÁMBITO 20	Samos, Paradela, Sarria, O Incio, Pantón, Monforte, Pobra de Brollón, O Saviñao, Bóveda, Sober, Taboada, Chantada, Carballedo, Folgoso do Caurel, Quiroga, Ribas de Sil, A Fonsagrada, Baleira, Negueira de Muñiz
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE A RÚA	ÁMBITO 19	Petín, A Veiga, Carballeda, A Rúa, Vilamartín, O Barco O Bolo, Larouco, Rubiá, S. Xoán de Río, Manzaneda, Trives, Chandrexa de Queixa, Parada de Sil, Montederramo, Castro Caldelas, A Teixeira, A Gudiña, Vilariño de Conso, A Mezquita, Viana do Bolo





CENTRO DE DESTINO	ÁMBITOS	ÁMBITOS (DESCRICIÓN)
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE BARBADÁS	ÁMBITO 21	Toén, Barbadás, San Cibrao das Viñas, Esgos, Nogueira de Ramuín, Pereiro de Aguiar, Cartelle, A Merca, A Bola, Gomesende, Celanova, Ramirás, Padrenda, Vereá, Quintela de Leirado, Pontedevea, Allariz, Xunqueira de Ambía, Taboadela, Paderne de Allariz, Lobios, Entrimo, Bande, Muíños, Lobeira
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE O CARBALLIÑO	ÁMBITO 8	Amoeiro, Vilamarín, Coles, A Peroxa, Piñor, Boborás, San Cristovo de Cea, O Carballiño, Maside, Beariz, Punxín, O Irixo, S. Amaro, Avión, Leiro, Cenlle, Arnoia, Carballada de Avia, Melón, Cortegada, Ribadavia, Castrelo de Miño, Beade
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE MACEDA	ÁMBITO 14	Maceda, Xunqueira de Espadañedo, Baños de Molgas, Rairiz de Veiga, Xinzo de Limia, Vilar de Santos, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Baltar, Porqueira, Os Blancos, Calvos de Randín, Laza, Vilardevós, Cualedro, Riós, Oímbra, Monterrei, Castrelo do Val, Verín
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE BAIONA	ÁMBITO 17	Oia, O Rosal, Tomiño, A Guarda, Tui
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE LALÍN	ÁMBITO 22	Vila de Cruces, Lalín, Silleda, Agolada, Dozón, Rodeiro, Cerdedo, Cuntis, Forcarei, A Estrada
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE MARÍN	ÁMBITO 10	Cangas, Marín, Poio, Moaña, Vilaboa, Barro, Bueu, Campo Lameiro; Ponte Caldelas, Cotobade, A Lama
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE NOIA	ÁMBITO 15	Noia, Porto do Son, Lousame, Outes, Boiro, Rianxo, Ribeira, Poboa, Muros, Carnota, Mazaricos
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE O PORRIÑO	ÁMBITO 16	O Porriño, Pazos de Borbén, Soutomaior, Mos, Redondela, Fornelos de Montes, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, Covelo, Crecente, Pontearreas, As Neves, A Cañiza, Arbo, Mondariz, Mondariz Balneario





CENTRO DE DESTINO	ÁMBITOS	ÁMBITOS (DESCRICIÓN)
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA	ÁMBITO 1	A Illa, Vilagarcía, Vilanova, Catoira, Valga, Caldas, Portas, Moraña, Pontecesures, O Grove, Sanxenxo, Ribadumia, Cambados, Meaño, Meis
OFICINA INCLUSIÓN SOCIAL DA LAMA	ÁMBITO 12	Centros Penitenciarios de Teixeira e A Lama

Equipos de inclusión sociolaboral CP Teixeira e A Lama	Proxectos personalizados de inserción socio-laboral para persoas reclusas e exreclusas en Galicia. Centros penitenciarios de Teixeira e A Lama
--	--

#### CUARTO. ÁMBITOS XEOGRÁFICOS DOS POSTOS DOS CENTROS QUÉROTE

Descrición dos ámbitos dos postos dos Centros Quérote

CENTRO DE DESTINO	ÁMBITOS	ÁMBITOS (DESCRICIÓN)
CENTRO QUÉROTE DE A CORUÑA	ÁMBITO 3	Abegondo, Aranga, Ares, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Cambre, A Capela, Carballo, Cariño, Carral, Cedeira, Cerceda, Cerdido, Coirós, Coristanco, A Coruña, Culleredo, Fene, Ferrol, Ferro, Irixoa, A Laracha, Malpica de Bergantiños, Mañón, Miño, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Oleiros, Ortigueira, Oza-Cesuras, Paderne, Ponteceso, Ponteudeume, As Pontes de García Rodríguez, Sada, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño e Vilarmaior.
CENTRO QUÉROTE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	ÁMBITO 6	Ames, Arzúa, A Baña, Barro, Boimorto, Boiro, Boqueixón, Brión, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Camariñas, Carnota, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Cee, Corcubión, Cuntis, Curtis, Dodro, Dumbria, A Estrada, Forcarei, Fisterra, Frades, Laxe, Lousame, A Illa de Arousa, Mazaricos, Meaño, Meis, Melide, Mesía, Moraña, Muros, Muxía, Negreira, Noia, Ordes, Oroso, Outes, O Grove, Padrón, O Pino, A Pobra do Caramiñal, Pontecesures, Portas, Porto do Son, Rianxo, Ribadumia, Ribeira, Rois, Santa Comba, Santiago de Compostela, Santiso, Sanxenxo, Sobrado, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valga, Vedra, Vila de Cruces, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Vilasantar, Vimianzo e Zas.







CENTRO DE DESTINO	ÁMBITOS	ÁMBITOS (DESCRICIÓN)
CENTRO QUÉROTE DE LUGO	ÁMBITO 2	Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballedo, Castro de Rei, Castroverde, Cervantes, Cervo, Chantada, O Corgo, Cospeito, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Lugo, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, Negueira de Muíñz, As Nogais, Ouro, Outeiro de Rei, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra do Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarín, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Vilalba, Viveiro, Xermade e Xove
CENTRO QUÉROTE DE OURENSE	ÁMBITO 5	Allariz, Amoeiro, Arnoia, Avión, Baltar, Bande, Baños de Molgas, Barbadás, O Barco de Valdeorras, Beade, Beariz, Os Blancos, Boborás, A Bola, O Bolo, Calvos de Randín, Carballeda de Avia, Carballeda de Valdeorras, O Carballiño, Cartelle, Castrelo de Miño, Castrelo do Val, Castro Caldelas, Celanova, Cenlle, Chandrexa de Queixa, Coles, Cortegada, Cualedro, Entrimo, Esgos, Dozón, Gomesende, A Gudiña, O Irixo, Lalín, Larouco, Laza, Leiro, Lobeira, Lobios, Maceda, Manzaneda, Maside, Melón, A Merca, A Mezquita, Montederramo, Monterrei, Muíños, Nogueira de Ramuín, Oímbra, Ourense, Paderne de Allariz, Padrenda, Parada do Sil, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, Petín, Piñor, A Pobra de Trives, Pontedevea, Porqueira, Punxín, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Ramirás, Ribadavia, Riós, Rodeiro, A Rúa, Rubiá, San Amaro, San Cibrao das Viñas, San Xoán de Río, Sandiás, Sarreaus, Silleda, Taboadela, A Teixeira, Toén, Trasmiras, A Veiga, Vereia, Verín, Viana do Bolo, Vilamartín de Valdeorras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos, Vilardevós, Vilariño de Conso, Xinzo de Limia, Xunqueira de Ambía e Xunqueira de Españaedo
CENTRO QUÉROTE DE VIGO	ÁMBITO 4	Agolada, Arbo, Baiona, Bueu, Cangas, A Cañiza, Covelo, Crecente, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, A Lama, Marín, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Mos, As Neves, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, Poio, Ponte Caldelas, Pontearreas, Pontevedra, O Porriño, Redondela, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior, Tomiño, Tui, Vigo e Vilaboa





## QUINTO. XUSTIFICACIÓN DE EXCEPCIONALIDADE DA COBERTURA DOS POSTOS POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN

O artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que soamente se poderán cubrir polo sistema de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e, excepcionalmente, aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen las relacións de postos de traballo.

Así mesmo, o artigo 91 de ditas norma, establece que as xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

A relación de postos de traballo do consorcio recolle a creación dos seguintes postos de traballo co sistema de provisión, de xeito excepcional, polo sistema de libre designación:

CÓDIGO DO POSTO CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN	CRITERIO
CENTRO DE EMERXENCIA PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO (VIGO)	DIRECTOR/A	<b>ESPECIAL RESPONSABILIDADE POR GARANTIR A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</b> <b>ESPECIAL RESPONSABILIDADE POR DIRIXIR CENTROS CON CARACTERÍSTICAS SINGULARES:</b> -CON PERSOAS INTERNADAS, EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA OU EN FORMACIÓN, OU MENORES TUTELADOS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.
CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE ORTIGUEIRA: MINIRESIDENCIA E CENTRO DE DÍA	DIRECTOR/A	<b>ESPECIAL RESPONSABILIDADE POR DIRIXIR CENTROS CON CARACTERÍSTICAS SINGULARES:</b> -CON PERSOAS INTERNADAS, EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA OU EN FORMACIÓN, OU MENORES TUTELADOS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.
CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE MELIDE: MINIRESIDENCIA, CENTRO DE DÍA E VIVENDAS COMUNITARIAS I-II	DIRECTOR/A	<b>ESPECIAL RESPONSABILIDADE POR DIRIXIR CENTROS CON CARACTERÍSTICAS SINGULARES:</b> -CON PERSOAS INTERNADAS, EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA OU EN FORMACIÓN, OU MENORES TUTELADOS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.
CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CERCEDA: FOGAR RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA	DIRECTOR/A	<b>ESPECIAL RESPONSABILIDADE POR DIRIXIR CENTROS CON CARACTERÍSTICAS SINGULARES:</b> -CON PERSOAS INTERNADAS, EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA OU EN FORMACIÓN, OU MENORES TUTELADOS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.





CÓDIGO DO POSTO CENTRO DE DESTINO	DENOMINACIÓN	CRITERIO
CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE CERDEDO: FOGAR RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA	DIRECTOR/A	<b>ESPECIAL RESPONSABILIDADE POR DIRIXIR CENTROS CON CARACTERÍSTICAS SINGULARES:</b> -CON PERSOAS INTERNADAS, EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA OU EN FORMACIÓN, OU MENORES TUTELADOS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.
CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE TABOADELA: FOGAR RESIDENCIAL E CENTRO DE DÍA	DIRECTOR/A	<b>ESPECIAL RESPONSABILIDADE POR DIRIXIR CENTROS CON CARACTERÍSTICAS SINGULARES:</b> -CON PERSOAS INTERNADAS, EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA OU EN FORMACIÓN, OU MENORES TUTELADOS POLA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.

Esta excepcionalidade ven determinada polas funcións que estes postos desenvolven que evidencia o cumprimento dalgún dos criterios ou atribucións dos recollidos na *Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 44 do 4 de marzo).*

## SEXTO. RÉXIME TRANSITORIO

- **SEXTO.1 MODIFICACIÓN DO DECRETO 37/2006, DO 2 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA O NOMEAMENTO DO PERSOAL INTERINO PARA O DESEMPEÑO CON CARÁCTER TRANSITORIO DE PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS E A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA**

Por Resolución do 8 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, dispúxose a inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo e a publicación no Diario Oficial de Galicia do acordo de integración do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia (DOG Núm. 124 do 30 de xuño).

O apartado cuarto deste acordo "*Modificación do decreto de listas*" recolle o seguinte:

*"Unha vez creadas ou reorganizadas as categorías do Consorcio dentro das do Convenio colectivo único, as partes comprométense a unha modificación do*





*Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal do persoal laboral da Xunta de Galicia, para que se aplique o réxime do decreto na contratación do persoal do Consorcio.*

*Acadado o dito acordo, abrírase un prazo extraordinario para que se poidan inscribir os distintos interesados, nas categorías propias do Consorcio ou naquelas que son análogas coas que xa existen no convenio único. Os servizos prestados nas categorías do Consorcio computaranse do mesmo xeito que os prestados na Administración da Xunta de Galicia.*

*Porén, as listas de contratación propias do Consorcio estarán vixentes ata a súa substitución polas derivadas do Decreto 37/2006"*

En consecuencia, as listas reguladas do Decreto 37/2006, do 2 de marzo (DOG núm. 48, do 9 de marzo) substituirán ás listas propias do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar na data que expresamente se determine na resolución da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, que se publicará tan pronto como se elaboren as listas correspondentes ás escalas análogas ás categorías existentes no Consorcio e quede garantida a viabilidade do sistema de citacións, manténdose ata ese momento a vixencia do referido apartado cuarto.

A resolución pola que se estableza a substitución dunha determinada lista propia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por unha lista regulada polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo (DOG núm. 48, do 9 de marzo) deberá ser obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia.

- **SEXTO.2 RESPONSABLES DA DIRECCIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS E DOS CENTROS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES**

Entrementes non se acorde un novo réxime de nomeamento, os postos con funcións de **dirección pedagóxica das escolas infantís**, funcións de **dirección e responsable dos centros de atención a persoas maiores**, manteranse as condicións e os importes que percibían as persoas que desenvolvían estas funcións. A xerencia será a encargada da designación das persoas que desenvolvan as ditas funcións





## SÉTIMO. POSTOS ABERTOS A VARIAS ESCALAS/ESPECIALIDADES

A este respecto indicar que é criterio desta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal, a limitación de cada posto de traballo, na medida do posible, a un máximo de 2 escalas ou especialidades. Este criterio non só resulta coherente co establecido na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, senon que responde á necesidade de impedir que postos de traballo copen postos doutras escalas, convertindo ás unidades administrativas en deficitarias dos especialistas precisos para o desempeño das funcións encomendadas

A presente relación de postos de traballo contén postos abertos, de xeito excepcional, a varias escalas ou especialidades. Esta clasificación **ven xustificada pola necesidade de dar cumprimento ás obrigas do Decreto 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria** de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público

## CONCLUSIÓN

En consecuencia co anterior, esta dirección xeral **INFORMA FAVORABLEMENTE** a relación de postos de traballo do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio para a emisión do preceptivo informe.

Incorporamos a este informe o anexo de RPT.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal. Nuria Aguilar Vázquez

